

Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas*****APROBACION DEFINITIVA PLAN ESPECIAL INFRAESTRUCTURAS PARA O NOVO
ACCESO AO CEIP PARROCO D.CAMILO (18337/411)***

EXPEDIENTE: 18337/411

ASUNTO: Plan especial de infraestructuras para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña

ANUNCIO***Aprobación definitiva do Plan especial de infraestructuras para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (expte. 18337/411)***

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

«PRIMEIRO.— Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Plan especial de Infraestructuras para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en data 11.03.2025 asociada ao Doc. Núm. 250054530, que se corresponde coa versión para a súa aprobación definitiva, documentación datada en febreiro de 2025, e cuxos documentos están provistos da sinatura electrónica válida do arquitecto- coordinador dos traballos A.J. S. C.

SEGUNDO.— Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia (o informe ambiental estratéxico foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 197, do 17 de outubro de 2021) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestrutura, para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 199 do Regulamento da LSG (Real Decreto 143/2016).

TERCEIRO.— O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ no apartado de Planeamento de Desenvolvemento Aprobado, e no portal de transparencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:CHF1XGLEVDW9XRK8



Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

CUARTO.— Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

QUINTO.— Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.»

Ante a eventualidade de que puideran existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidera practicar, a publicación do presente anuncio servirá de notificación co alcance e finalidade previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da perceptiva publicación no Boletín Oficial do Estado.

O acordo adoptado foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 88, do 9 de maio de 2025.

O Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña, no Concello de Vigo, figura inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo IV, folla rexistral nº 89, co número de rexistro ROTPG/P/47/2025, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Recibido o certificado de inscrición, procédese a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

04. NORMAS URBANÍSTICAS

O obxecto do presente PEI é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso seguro ao CEIP Párroco don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren os escolares do centro no seu acceso ao mesmo.

Nese contexto, se proxecta realizar a actuación por medio da definición dun Plan Especial de Infraestruturas (PEI), para poder resolver a implementación do novo vial de acceso, garantindo a ensamblaxe físico territorial e o acomodo ambiental do mesmo, de xeito que podan ser avaliados favorablemente pola administración ambiental e polos servizos técnicos municipais do Concello de Vigo.

Na normativa do Plan Especial de Infraestruturas (PEI) se contempla o uso de rede viaria e o uso dotacional.

As características formais da infraestrutura deseñada axústase ao recollido na normativa urbanística do PXOU 93 de Vigo. Ademais, as características específicas da urbanización do vial,



Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

axustaranse ao sinalado no apartado 3.2.3 Normativa sobre infraestructuras básicas, urbanización e proxectos, e concretamente ao apartado 3.2.3.2. Normas comúns sobre deseño e calidade da urbanización, da normativa do PXOM de Vigo, e o 3.2.3.3 Criterios e condicións da rede viaria en zonas residenciais para a redacción de planos especiais e parciais.

A continuación se pormenoriza o destino e as condicións xerais de todas as zonas cualificadas:

Ordenanza nº 1. Rede viaria e aparcadoiros.

Será de aplicación o sinalado no artigo correspondente da normativa do planeamento vixente en canto a Rede viaria e aparcamentos, ou aquela que a substitúa unha vez entre en vigor a Revisión do PXOM que actualmente se atopa en tramitación.

Con carácter xeral respectarase o seguinte:

Calzadas: Uso libre de tránsito rodado. Ancho mínimo de 3,00 metros.

Beirarrúas: Uso exclusivo de tránsito peonil. Ancho mínimo de 2,00 metros.

Os aparcadoiros anexos á rede viaria públicos, se concretan nos planos de Ordenación.

A proposta que se achega conta cun ancho de carril de 3,50 m e beirarrúas de 2,00 m, polo que cumpren respectivamente co sinalado.

Ademáis, a implantación grafada, no tocante á configuración final da distribución e dimensións da sección da rede viaria e peonil ten carácter indicativo e orientativo, puidendo reaxustarse igualmente no proxecto constructivo ou de urbanización final os acabados, condicións da pavimentación en canto a materiais, sinalizacións, etc. a empregar na súa definición, segundo o sinalado na normativa municipal do PXOU 93 e as recomendacións establecidas na Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos, editada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo ás consideracións realizadas dende o Instituto de Estudos do Territorio na fase de consultas ambientais da AAE simplificada realizada.

Ordenanza nº 2. Sistema local dotacional. Equipamento. Ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais (ordenanza 3.3 do PXOM de Vigo).

Esta ordenanza se aplicará na zona recollida nos planos de ordenación con dita calificación, que se propón incorporar á parcela actual do CEIP, co ánimo de regularizala na zona do novo acceso proxectado.

Nesta zona será de aplicación o sinalado nos apartados correspondentes da ordenanza 3.3, de zonas culturais e sociais, do PXOU 93 de Vigo, ou aquela que a substitúa unha vez entre en vigor a Revisión do PXOM que actualmente se atopa en tramitación.

Limitacións do uso derivadas do ruído respecto da estrada autonómica PO-552

“Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das



Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

Fóra das áreas urbanizadas existentes antes da data de entrada en vigor do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, nos sectores do territorio gravados polas servidumes acústicas das estradas autonómicas aprobadas e reflectidas nos planos de información do documento, conforme a normativa en materia de ruído, as inmisións poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas. Os niveis de ruído esperables vinculados ás estradas autonómicas serán os reflectidos nos mapas estratéxicos de ruído das estradas autonómicas, que se inclúen como parte dos planos de información do documento.”

BRY/Er

Vigo, na data da sinatura dixital.

A Concelleira Delegada da Área De Goberno de Urbanismo e Vivenda

(Resolución do 04.07.2023)

Asdo. María José Caride Estévez.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:CHF1XGLEVDW9XRK8

